

ANEXO II

Calendario dos certames gandeiros que se van celebrar na Comunidade Autónoma de Galicia previstos para o ano 2006:

Concurso-poxa nacional:

Enderezo	Data certame	Data poxa	Especie	Raza	Sexo
Adai-Lugo	22-24 xuño	24 xuño	Vacún	Rubia galega	M e F

Poxa nacional:

Enderezo	Data certame	Data poxa	Especie	Raza	Sexo
Adai-Lugo	19-21 outubro	21 outubro	Vacún	Rubia galega limusina	M e F M e F

Exposición nacional:

Exposición	Enderezo	Data
Semana Verde de Galicia	Silleda	14-18 xuño

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 31 de maio de 2006 pola que se convocan subvencións para os concellos de Galicia con menos de 50.000 habitantes e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para a realización de actividades culturais.

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura e Deporte responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia, que establece no seu artigo 27.19º como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia e no artigo 32 que corresponde á nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura e Deporte asume as competencias que a facultan ao deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes. Correspóndelle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos, a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións, movementos e colectivos, persoas físicas, corporacións locais e industrias culturais.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura e Deporte con esta orde quere establecer

un instrumento que, adecuándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, de acordo cos criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados ao fomento da actividade cultural.

Na súa virtude

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Finalidade e obxecto.

1. É obxecto da presente orde fixar, para o exercicio de 2006, o réxime de concesión de subvencións en concorrencia competitiva, para a realización de programas ou actividades culturais, en especial as relacionadas co Ano da Memoria e que se refiren á recuperación da memoria histórica, polos concellos de Galicia con menos de 50.000 habitantes e as súas entidades públicas con responsabilidade xurídica propia que sexan solicitadas á Consellería de Cultura e Deporte conforme o procedemento que a continuación se establece.

2. Quedan excluídas desta orde as festas gastronómicas e as festas locais ou patronais.

Artigo 2º.-Imputación orzamentaria e contía.

1. A convocatoria realízase con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.353A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, por un importe máximo de catrocentos oitenta mil euros (480.000 €).

2. A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

3. A contía de cada subvención non poderá superar a cantidade de trinta mil euros (30.000 €).

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán optar a estas subvencións os concellos de Galicia con menos de 50.000 habitantes ou as entidades públicas con personalidade xurídica propia dependentes deles e que teñan asumidas competencias en materia de cultura.

2. Quedan excluídos aqueles que anteriormente recibisen algunha outra subvención da Consellería de Cultura e Deporte e non xustificasen o seu investimento.

3. Con carácter xeral non poderán ser beneficiarias as entidades que estean incursas nalgunha das prohibicións para obter subvencións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

1. Os concellos que desexen acollerse á presente orde deberán presentar a correspondente solicitude

no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, mediante instancia dirixida á conselleira de Cultura e Deporte segundo modelo que figura como anexo. A instancia presentarase no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte, ou nos rexistros das delegacións provinciais desta, ou por calquera dos outros medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Á solicitude xuntarase a documentación que de seguir se relaciona:

a) Memoria polo miúdo dos programas ou actividades, que deberá facer mención, como mínimo, aos seguintes aspectos:

-Interese de cada programa ou actividade.

-A orixinalidade e carácter innovador de cada programa ou actividade.

-Potencial número de beneficiarios/as de cada programa ou actividade.

-Repercusión territorial de cada programa ou actividade.

b) Calendario de execución de cada programa ou actividade.

c) Orzamento desagregado e detallado de cada programa ou actividade, con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados.

d) Voluntariamente poderá achegarse calquera outra documentación que o concello solicitante entenda que sexa pertinente para a mellor valoración do programa ou actividade presentado.

e) No caso de festivais, no proxecto deberá facer mención expresa dos seguintes puntos:

-Historia do festival para o que se solicita a axuda.

-Traxectoria na organización e realización de festivais.

-Ámbito territorial dos participantes.

-Premios

-Impacto social e cultural do festival

f) Memoria das actividades culturais realizadas polo concello no ano anterior.

g) Certificado do secretario ou do interventor facendo constar o orzamento de gastos destinado ás actividades culturais no ano en que se concede a subvención. No caso que nas datas de presentación da solicitude os orzamentos do concello non estivesen aprobados, indicárase o correspondente ao orzamento prorrogado.

Artigo 5º.-Valoración e resolución.

1. Recibidas as solicitudes de subvención e demais documentación, serán analizadas e valoradas por unha comisión presidida polo director xeral de Creación e Difusión Cultural, ou pola persoa na que el delegue, e catro persoas da Consellería de Cultura e Deporte, nomeadas pola conselleira, segundo os criterios de valoración que se detallan a seguir:

a) Calidade, interese, orixinalidade e carácter innovador do programa ou actividade desde o punto de vista cultural con especial valoración dos proxectos que contribúan ao fomento e difusión da cultura galega e aqueles relacionadas co Ano da Memoria: ata 10 puntos.

b) Carácter continuado e non ocasional do proxecto: ata 5 puntos.

c) Potencial número de beneficiarios/as do programa ou actividade: ata 5 puntos.

d) Repercusión territorial do programa ou actividade: ata 5 puntos.

e) Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade: ata 5 puntos.

2. Unha vez analizadas e valoradas as solicitudes, o director xeral de Creación e Difusión Cultural elevará a proposta da comisión de valoración á conselleira de Cultura e Deporte que resolverá dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 6º.-Importe máximo das subvencións.

O importe máximo destas subvencións non poderá en caso ningún superar o custo das actividades que desenvolvan as entidades beneficiarias, xa sexa illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos.

Artigo 7º.-Pagamentos e xustificación.

1. Unha vez concedida a subvención e aceptada por escrito polo beneficiario no prazo de vinte días, librarase a cantidade adxudicada, de acordo co establecido na normativa orzamentaria que sexa aplicable.

2. Os concellos deberán acreditar a realización dos proxectos subvencionados e xustificar a contía concedida antes do 1 de novembro de 2006. O cumprimento efectivo dos fins para os que foi concedida a subvención acreditarase por medio da seguinte documentación:

a) Certificado do secretario ou do interventor facendo constar que os proxectos obxecto da subvención foron realizados ou o informe foi suscrito polo representante da entidade na que se describa a actividade realizada para desenvolver o proxecto subvencionado, así como os resultados obtidos, xuntando a documentación que acredite a súa realización efectiva.

b) Certificado do secretario ou interventor polo que se xustifica o emprego da cantidade recibida para o proxecto subvencionado.

c) Fotocopia compulsada das facturas ou dos mandamentos de pagamento, estes últimos asinados polo interventor e o alcalde.

d) Memoria explicativa das actividades desenvolvidas en relación coa finalidade da axuda concedida, así como dous exemplares da publicidade xerada.

Artigo 8º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. A actividade subvencionada con cargo a esta orde contribuirá á normalización da lingua galega. As accións de difusión, publicidade e comunicación da actividade subvencionada desenvolveranse en galego.

2. Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas por escrito, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos, debendo comunicar á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural o lugar, o día e a hora da actividade subvencionada. A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos.

3. Os beneficiarios da subvención farán constar en toda a publicidade xerada pola actividade subvencionada que recibiron unha subvención da Consellería de Cultura e Deporte -Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural-utilizando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Cumprirán, así mesmo, se é o caso, coa normativa vixente exixida para o depósito legal.

4. No momento da xustificación da execución total do proxecto, e en calquera caso, antes do último pagamento, o petionario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

5. O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

6. Os beneficiarios desta orde quedan suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

Artigo 9º.-Anulación e reintegro da axuda.

Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorran calquera das circunstancias previstas no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

No caso de que o beneficiario da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura e Deporte instruirá expediente sancionador, de conformidade co previsto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais o internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 10º.-Notificación e desestimación.

1. A resolución da convocatoria producirase no prazo máximo de tres meses a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto, o sentido do silencio será negativo.

2. No caso daquelas solicitudes que foran desestimadas os solicitantes poderán, a partir desta data, retirar a documentación no prazo dos 30 días seguintes

Artigo 11º.-Recursos.

Contra os devanditos actos resolutivos, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a recepción da notificación da resolución ou, potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición perante a conselleira de Cultura e Deporte.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Creación e Difusión Cultural para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIONS A CONCELLOS PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES CULTURAIS	CODIGO DO PROCEDEMENTO CD204A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF / NIF	
APELIDOS		NOME	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CODIGO POSTAL	TELÉFONO	ÁMBITO DA ENTIDADE

E na súa representación:

APELIDOS		NOME		DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE		
PROVINCIA	CODIGO POSTAL	TELÉFONO		

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

Proxecto para realizar: _____

Ámbito territorial de realización do proxecto: _____

Cantidade solicitada: _____ Contía do proxecto: _____

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.

Memoria explicativa das actividades que se queren realizar.

Orzamento de ingresos e gastos.

Breve memoria das actividades realizadas ata o ano 2005 e traxectoria cultural desta.

OBSERVACIÓNS

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 31 de maio de 2006 pola que se convocan subvencións para os concellos de Galicia con menos de 50.000 habitantes e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para a realización de actividades culturais.
- Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei de orzamentos xerais da CAG para 2006.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

_____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DO EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Conseleira de Cultura e Deporte

Orde do 31 de maio de 2006 pola que se convocan subvencións a particulares, asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais.

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura e Deporte responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia, que establece no seu artigo 27.19º como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia e no artigo 32, que corresponde á nosa comunidade autónoma, a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura e Deporte asume as competencias que a facultan ao deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes. Correspóndelle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos, a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións, movementos e colectivos, persoas físicas, corporacións locais e industrias culturais.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura e Deporte con esta orde quere establecer un instrumento que, adecuándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, de acordo cos criterios de publicidade, obxectividade e concorrència, dos recursos destinados ao fomento da actividade cultural.

Na súa virtude,

DISPÕNO:

Artigo 1º.-Finalidade e obxecto.

1. É obxecto desta orde fixar, para o exercicio de 2006, o réxime de concesión de subvencións para a realización de programas ou actividades culturais concretas polas asociacións e fundacións sen ánimo de lucro e particulares que sexan solicitadas á Consellería de Cultura e Deporte, conforme o procedemento que a continuación se establece.

2. Para os efectos desta convocatoria, entenderase por programas ou actividades culturais concretas aquelas destinadas á promoción e cooperación cultural, e á difusión e animación sociocultural que contribúen ao espallamento e promoción da cultura galega.

Artigo 2º.-Imputación orzamentaria e contía.

1. As subvencións reguladas nesta orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.353A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, por un importe inicial máximo de douscentos setenta mil euros (270.000 €).

2. A concesión das axudas queda sometida á condición de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

3. A contía de cada subvención non poderá superar a cantidade de doce mil euros (12.000 €).

4. Non poderán ser beneficiarios desta axuda aqueles que se atopen nalgún dos supostos do artigo 13.2º da Lei xeral de subvencións.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán optar a estas subvencións os particulares e as asociacións e fundacións legalmente constituídas, sen ánimo de lucro e con domicilio social en Galicia.

2. Quedan excluídas aquelas que anteriormente recibisen algunha outra subvención da Consellería de Cultura e Deporte e non xustificasen o seu investimento.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

1. Os que desexen acollerse a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, mediante instancia dirixida á conselleira de Cultura e Deporte segundo modelo que figura como anexo, e presentarana no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte, nos rexistros das delegacións provinciais desta ou por calquera dos outros medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Á solicitude xuntarase a documentación que a seguir se relaciona:

a) Fotocopia do NIF ou, de ser o caso, do CIF da entidade.

b) Declaración do solicitante das subvencións solicitadas para o mesmo fin ás administracións públicas.

c) Acreditación de estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

d) Documentación relativa ao programa ou actividade que se vai desenvolver:

1. Memoria, o máis detallada posible relativa ao programa ou actividade, que deberá facer mención, como mínimo, aos seguintes aspectos:

-Interese do programa ou actividade.

-Emprego do galego no desenvolvemento do programa ou actividade.

-A orixinalidade e o carácter innovador do programa ou actividade.

-Contribución ao fomento e difusión da cultura galega.

-Potencial número de beneficiarios/as do programa ou actividade.

-Repercusión territorial do programa ou actividade.

2. Calendario de execución do programa ou actividade.

3. Orzamento desagregado e polo miúdo do programa ou actividade, con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados.

4. Voluntariamente poderá achegarse calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que sexa pertinente para a mellor valoración do programa ou actividade presentados.

Artigo 5º.-Valoración e resolución.

1. Recibidas as solicitudes de subvención e demais documentación, serán analizadas e valoradas por unha comisión presidida polo director xeral de Creación e Difusión Cultural, ou pola persoa en quen delegue, e catro persoas da Consellería de Cultura e Deporte, designadas pola conselleira de Cultura e Deporte, segundo os criterios de valoración que se detallan a seguir:

a) Calidade, interese, orixinalidade e carácter innovador do programa ou actividade desde o punto de vista cultural, con especial valoración dos proxectos que contribúan ao fomento e difusión da cultura galega: ata 10 puntos.